

# CÓMAROS

Revista Interdisciplinar de Pensamento  
Galego



Anotación á teoría dos Imaxinarios Sociais do profesor Juan Luís Pintos

Anotation to Social Imaginaries theory of the professor Juan Luís Pintos

**CARLOS ALLONES PÉREZ**

Universidade de Santiago de Compostela  
carlosantonioj.allones@usc.es<sup>1</sup>

## Resumo

Partindo da lectura do artigo de Juan Luís Pintos “Inclusión-exclusión. Los imaginarios sociales de un proceso de construcción social” -publicado o ano 2005 no número 16 da revista *Semata*, pp. 17-52- tentaremos neste breve escrito achegar algunhas reflexións ao estudo dos Imaxinarios Sociais.

**Palabras Chave:** Imaxinarios Sociais, Feitos Sociais, Grandes Ideoloxías, Partidos Políticos

**Abstract:** Starting from reading the article by Juan Luís Pintos “Inclusión-exclusión. Los imaginarios sociales de un proceso de construcción social” -published in the year 2005 at number 16 of journal *Semata*, pp. 17-52- we will try in this brief writing to provide some reflections to the study of the Imaginary Socialists.

**Key Words:** Social Imaginary, Social Issues, Great Ideologies, Political Parties

---

<sup>1</sup> Traducción de Iván Reimóndez Meilán  
Recibido: 10/02/18 Aceptado: 18/10/18



Dos tres niveles de abstracción que nese artigo distingue a Teoría dos Imaxinarios Sociais do profesor Pintos (Pintos, 2005, pp. 26-27) cinguímonos aquí ao segundo deles, ao das organizacións, que entendemos vén concibir a sociedade como *un mosaico* de organizacións e asociacións máis ou menos cristalizadas: por exemplo aquí en Santiago, a Facultade de Políticas, un club de sendeirismo, unha sociedade filatélica, a familia Pérez-Guzmán, a familia Pouse-Agudín, Televés, Parroquia de Sar, FINSA, a Policía, As Cancelas, Facenda, etc. etc.

Cada unha desas organizacións foi construída e está a ser construída ou institucionalizada por unha distinción intelectual fundante, por un modo de percibir ‘algo’ no que se insiste recursivamente unha e outra vez na práctica cotiá dos seus asociados, unha distinción que de tanto ser practicada vaise naturalizando, deixando de percibirse como tal, converténdose nun punto cego ao coñecemento, ignorado polos mesmos que a practican.

Juan Luís, pódose na posición dun observador de segunda orde, que se fixa no xeito en que observan os socios así organizados –observadores de primeira orde, practicantes da distinción fundante, pero que, se interpelados, se mostran incapaces de describir analiticamente a mesma –ofrécenos unha representación xeométrica, unha elipse, que ten o acerto de mostrar simultaneamente as diferentes relevancias e opacidades que establecen esas distincións ignoradas polos que as poñen en práctica todos os días (Pintos, 2005, pp. 37-45).

Non podemos senón coincidir co autor na intelixencia sociolóxica que nos ofrece sobre o funcionamento de calquera organización social susceptible de estudo.

Pero tentando achegar algo ao seu modelo interpretativo, traemos aquí a colación a Èmile Durkheim coa súa definición de ‘feito social’:

“Los hechos sociales consisten en modos de actuar, de pensar y de sentir, exteriores al individuo, y están dotados de un poder coercitivo en virtud del cual se imponen sobre él”<sup>2</sup>

E preguntámonos en particular polos feitos sociais que son co-extensivos á sociabilidade das nosas clases medias contemporáneas: é dicir, preguntámonos por aqueles feitos sociais que se nos impoñen a todos e cada un de nós *si ou si*, queirámolo ou non, ao longo e largo da nosa sociabilidade, e que por iso son os máis estruturadores da mesma. Ao noso entender son tres, e só tres: as relacións familiares, ou o que queda delas, pois nacemos por forza nunha familia cando cativos e enredámonos cando adultos tecendo e destecendo as relacións sexuais e de crianza que as constitúen; as relacións mercantís, de produción e de

<sup>2</sup> DURKHEIM, È. (2001): Las reglas del método sociológico. 4ª edición. México: FCE. pp. 40-41.



consumo, ao último ben chamadas capitalistas (xa que moi xerarquizadas pola compravenda de forza de traballo), pois ninguén se vai buscar por ti a vida no mercado, terás que facelo ti só ou soa, deixándote a pel niso; e as relacións impostas á túa persoa polas administracións públicas, como a mesma escolarización que che alcanza xa aos 3 anos e que non te deixa senón como pronto aos 17, e que che habilitará para a túa vida profesional. Ou o pago anual a Facenda, ou circular pola dereita (ou pola esquerda, se estás en Inglaterra), ou o pasaporte que necesitas para viaxar a Marrocos; ou ese contrato de aluguer que en caso de conflito te somete a unha lexislación que descoñeces e aos tribunais competentes, etc. etc.

E agora volvemos ao mosaico de organizacións que constitúe a nosa sociabilidade, para *clasificar* separadamente nese mosaico aquelas organizacións que Durkheim caracterizaría como encarnacións individuais dos tales feitos sociais co-extensivos, isto é, realizacións particulares dos mesmos, e que nos exemplos antes citados, serían: os Pérez-Guzmán; a Pose-Agudín;... familias que encarnan ou nas que se realiza particularmente, en cada unha delas e en todas elas, o feito social da familia; Televés; Finsa; As Cancelas;... empresas que encarnan o capitalismo (e o consumismo que lle é concomitante) e onde realizamos ese aspecto obrigado da nosa sociabilidade. E finalmente, os Xulgados de Fontiñas; Facenda en Salgueiriños; o Instituto Rosalía; a Policía en Rodrigo de Padrón;... organismos públicos, de distintas administracións, aos que nos vemos eventualmente obrigados a acudir se somos interpelados por eles.

Ademais destas organizacións, que dicimos encarnacións particulares dos feitos sociais que resultan ser coextensivos á nosa sociabilidade de clases medias –en realidade son coextensivos a toda a nosa sociedade no seu conxunto, pero ultimamente temos a teima de *sinalar* as clases medias-; pois ademais desas organizacións, digo, existen entre nós outros tipos de asociacións e organizacións moito máis *tanxenciais* á estruturación social desas clases, xa que son voluntarias para os que a elas se apuntan: eu por exemplo non pertenzo a ningunha sociedade filatélica, nin ao club Santiago de Compostela de fútbol, tampouco a ningún club de sendeirismo, nin partido político, etc. etc.

Ben, pois se trouxemos aquí o caso destas organizacións que Durkheim diría que son encarnacións individuais dos 3 feitos sociais que *nós* dicimos coextensivos á nosa sociabilidade contemporánea, é porque aínda que obviamente cada unha desas organizacións foi creada e institucionalizada polos respectivos imaxinarios susceptibles de estudo á maneira do profesor Pintos, tamén con esa mesma teorización na man podemos pensar que as regras constitutivas comúns a todas elas, isto é: as regras sociais propias dos feitos sociais que encarnan esas regras xerais comúns á constitución de familias, á creación de empresas rendibles, ao dereito administrativo que cruza os corpos de funcionarios públicos, son tamén realidade funxidas polos correspondentes imaxinarios transversais ou comúns a todas elas.



O caso é o mesmo que o da fala, pois igual que hai leis idiomáticas de aplicación exclusiva a un determinado idioma, á formación dos seus verbos, ou ás declinacións dos seus pronomes, hai tamén leis lingüísticas comúns a todos os idiomas, como as que se refiren a determinadas entoacións (de interrogación, de mando) que son universais, á pronuncia oral dos fonemas (por forza seriada, un tras outro), ou á composición da frase coas súas partes enerxéticas e as súas partes temáticas, leis presentes en todos os idiomas. É máis: eses idiomas particulares non poderían constituírse sen o respecto ás leis lingüísticas xerais da fala humana.<sup>3</sup>

De igual maneira, as empresas particulares construíronse e constrúense no exercicio cotiá das súas distincións fundacionais, daquilo que resulta relevante e fan opaco no seu funcionar. Pero todas elas están esixidas e obrigadas pola contabilidade capitalista do mercado no que han de sobrevivir (non poderían por exemplo funcionar cunha tecnoloxía do século pasado). As organizacións de funcionarios, cada unha delas ten a súa propia ‘agulla de marear’, as súas descrições e os seus silencios ou tabús, que se non respectas te excluírán, pero todas están regulamentadas por escrito, fináncianse vía impostos, e están suxeitas ao dereito administrativo. E as familias actualmente *teñen* que saltarse as leis patriarcais (incluso as que están formadas por papá, mamá e os seus nenos), saltándose con iso tamén as leis máis xerais ou comúns do parentesco, perdendo así (ata certo punto) a súa estabilidade estrutural<sup>4</sup>.

De maneira que para o observador de segunda orde tamén esas leis xerais que rexen os feitos sociais que nos son coextensivos, e que están presentes na constitución de todas e cada unha das encarnacións particulares dos mesmos, son susceptibles de análises por parte da teoría dos imaxinarios sociais, pois os membros das devanditas empresas, administracións e familias son automaticamente tamén observadores de primeira orde dos devanditos feitos sociais, ao selo *in situ* da súa particular organización... Aínda que naturalmente, as distincións en que se basea aquela observación das regras xerais son aínda máis difíciles de detectar polos seus usuarios que as máis concretas distincións nas que se basea a observación en calquera organización particular na que participan!

Con todo, paradoxalmente, resulta que nos réximes parlamentarios polos que *nos autogobernamos* as clases medias... (As nosas clases medias, as nosas *poderosas* clases medias,

---

<sup>3</sup> Cfr. GARCÍA CALVO, A. (1979): *Del Lenguaje*. 1ª edición. Zamora: Lucina

<sup>4</sup> Baixo o impacto do capitalismo avanzado, o patriarcado está a sufrir un proceso (de relativa) desinstitucionalización, que Juan Luís representaría nos eixos de coordenadas da súa elipse (Pintos, 2005, pp. 37-39).

Cfr. ALLONES PÉREZ, C. (1999): *Familia y Capitalismo*. Santiago: Universidad de Santiago de Compostela

Tamén MOYA, C. (1984): “Identidad colectiva: un programa de investigación científica”, *REIS*, vol. 25, pp. 7-35.



que buscan parlamentariamente e logran sempre ampliar a súa galopante capitalización... As nosas poderosas e *mundanas* clases medias! altamente profesionalizadas, urbanizadas, interconectadas, homologadas, estratificadas, hipotecadas, televisadas, divorciadas, turistizadas, resabiadas,... “cranios privilexiados”, que diría Valle)

Resulta, digo, que nos nosos réximes parlamentarios, hai axentes sociais moi, pero que moi interesados en que esas leis xerais sexan tidas en conta polos públicos masivos que elas mesmas transversalmente constitúen. Referímonos, está claro, aos partidos políticos, que se constituíron precisamente grazas ao sistemático exercicio dunha observación de primeira orde das devanditas leis -de primeira orde, xa que a súa finalidade non é analítica, con preocupacións de coñecemento, senón que o que busca *metódicamente* é tirar rendimento desta observación co fin de lograr o voto masivo, a maioría electoral<sup>5</sup>.

Loitan os partidos políticos entre si co fin de apropiarse daqueles modos de observación dos feitos sociais coextensivos que demostraron historicamente a súa capacidade de fidelizar públicos masivos<sup>6</sup>. Eses mesmos públicos cuxos membros son interpelados individualmente en cada consulta electoral como votantes, pois entre nós tan só o éxito electoral garante o acceso ao orzamento do Estado, con todo o que iso significa (e os partidos cren que iso significa *todo*).

As grandes ideoloxías orixinadas no século XIX, á vez que nacía e se consolidaba a sociedade industrial, os grandes -ismos, os grandes relatos creados entón e con moito suceso (electoralmente, digo) entre nós aínda hoxe no século XXI, os liberalismos e socialismos, os nacionalismos e feminismos, cremos que son susceptibles de ser estudados como imaxinarios sociais constitutivos dos partidos políticos que se apropiaron de tales -ismos, cos seus observadores de primeira orde (moi profesionalizados por certo), coas súas relevancias, e coas súas distincións fundantes que permanecen opacas aos militantes ou activistas que as utilizan.

Precisamente porque se trata de imaxinarios que son interpretacións de feitos sociais *coercitivos* que nos alcanzan a todos, estrutural e historicamente recorrentes, esas grandes ideoloxías (e os partidos que loitan por apropiarse delas) irradian un forte carisma de cegueira *totalitaria*, que abduce aos seus militantes ata o punto de facerlles crer que só eles coñecen a verdade e que a súa verdade é a única que fai xustiza ao conxunto todo da vida social... Cousa que nós sabemos que non é posible, nin desexable<sup>7</sup>.

<sup>5</sup> Método, 1611, del griego *méthodós*, propiamente ‘camino para llegar a un resultado’. JOAN COROMINAS (1961): Breve Diccionario de la Lengua Castellana. Madrid: Gredos.

<sup>6</sup> Sobre a formación dos públicos, véxase DEWEY, J (2004): La Opinión Pública y sus problemas. Madrid: Morata. pp. 59-76.

<sup>7</sup> Sobre a fidelización carismática de públicos, pode verse BORMANN, E. G. (1972): “Fantasy and rhetorical vision: the rhetorical criticism of social reality”, *Quarterly Journal of Speech*, vol. 58 (4), pp. 396-407.



Urxe entón o estudo dos partidos políticos por medio da teoría dos Imaxinarios Sociais do profesor Pintos, precisamente para oporse ao afán totalitario sempre latente e sempre presente (en maior ou menor medida) en todos eles.

Talvez nos equivoquemos, pero pensamos que este é un sentir moi xenuíno do noso mestre, e un dos motivos (no sentido de Spencer-Brown) polos que vén desenvolvendo a súa teoría.<sup>8</sup>

---

E os textos clásicos de WEBER, M. (1964): “Esencia y efectos del carisma” e “La dominación carismática y su transformación”, en M. WEBER: Economía y sociedad, pp. 847-889. México: FCE.

<sup>8</sup> “There can be non distinction without motive, and there can be non motive unless contents are seen to differ in value.”

SPENCER-BROWN, G. (1997): Laws of Form. Germany: Bohmeier Verlag. p. 1.



**Bibliografía**

ALLONES PÉREZ, C. (1999): Familia y Capitalismo. 1ª edición. Santiago: Universidad de Santiago de Compostela

BORMANN, E. G. (1972): “Fantasy and rethorical vision: the rethorical criticismo of social reality”, Quarterly Journal of Speech, vol. 58 (4), pp. 396-407.

COROMINAS, J. (1961): Breve Diccionario de la Lengua Castellana. Madrid: Gredos

DEWEY, John (2004): La Opinión Pública y sus problemas. 1ª edición. Madrid: Morata

DURKHEIM, È. (2001): Las reglas del método sociológico. 4ª edición. México: FCE.

GARCÍA CALVO, A. (1979): Del Lenguaje. 1ª edición. Zamora: Lucina

MOYA, C. (1984): “Identidad colectiva: un programa de investigación científica”, REIS, vol. 25, pp. 7-35.

PINTOS, J. L. (2005): “Inclusión-exclusión. Los imaginarios sociales de un proceso de construcción social”, Semata, vol. 16, pp. 17-52.

SPENCER-BROWN, G. (1997): Laws of Form. 1ª edición. Germany: Bohmeier Verlag

WEBER, M. (1964): “Esencia y efectos del carisma” y “La dominación carismática y su transformación”, en Economía y sociedad (pp. 847-889). 2ª edición. México: FCE

